

2. A cidade é nosa (guía didáctica)



lingua Galega 4º ESO - Alexandra Pacheco
Tecnoloxía 4º ESO - Ana Moreira

BauGal 2 LINGUA. A cidade é nosa - GUÍA DIDÁCTICA

Lingua galega e literatura

4º ESO

1. Introducción

Esta Unidade Didáctica insírese dentro da materia de Lingua galega e literatura de 4º da ESO e céntrase no desenvolvemento da competencia comunicativa oral a través dun proxecto interdisciplinar: a organización dun **club de debate sobre a presenza das mulleres nos espazos públicos**.

O enfoque combina educación lingüística, cidadanía activa e conciencia ambiental, promovendo o uso da lingua como ferramenta para transformar a realidade e participar na vida democrática.

2. Obxectivos do recurso

- Desenvolver habilidades para a exposición oral estruturada e eficaz.
- Empregar ferramentas dixitais para crear presentacións visuais atractivas e informativas.
- Ampliar o vocabulario relacionado co espazo público, a sustentabilidade e a participación cidadá.
- Coñecer e practicar a argumentación oral en situacións formais (debate).
- Colaborar nun proxecto interdisciplinar aplicando os contidos lingüísticos a unha situación real.

3. Contidos e criterios de avaliación

Contidos gramaticais e lingüísticos:

- Estratexias para unha exposición oral eficaz: estrutura, prosodia, comunicación non verbal.
- Uso de ferramentas dixitais (Canva, Genially, PowerPoint...) para apoiar a comunicación oral.
- Léxico específico vinculado ao espazo público, medio ambiente e participación cidadá.
- Tipoloxía textual: a argumentación.
- Dinámica dun club de debate.

Criterios de avaliación

CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada

CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.

CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.

CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística

CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.

CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.

CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.

Cualificación:

Exposición oral individual	30%
Participación no debate	30%
Presentación dixital	15%
Traballo en equipo	15%
Actitude e participación na aula	10%

4. Competencias clave

- **Comunicación lingüística:** esta unidade céntrase na expresión oral como ferramenta fundamental de comunicación. O alumnado aprende a estruturar o discurso, a empregar un léxico axeitado e a interactuar de maneira eficaz en contextos formais, como a exposición pública e o debate. Promóvese tamén a comprensión e análise de textos orais e escritos con intención argumentativa. Competencia dixital.
- **Competencia dixital:** O uso de ferramentas como Canva, Genially ou Padlet permite ao alumnado crear presentacións visuais, organizar contidos e colaborar en liña. Trabállase o manexo crítico e funcional das TIC, integrándoas no proceso de aprendizaxe como soporte para a comunicación e a creatividade.
- **Conciencia e expresións culturais:** a actividade “Paisaxes que falan. Paisaxes que soñamos” favorece a reflexión sobre a identidade cultural galega e a transformación do territorio. A análise de obras artísticas e a

creación de novas representacións visuais fomentan a sensibilidade estética e o recoñecemento do patrimonio cultural e natural propio.

- **Competencia cívica e cidadá:** a unidade impulsa a participación activa e responsable na vida social a través do debate sobre cuestións ambientais que afectan á comunidade. O alumnado exercita o diálogo, a toma de decisións argumentadas e o respecto polas opinións diversas, desenvolvendo habilidades propias da cidadanía democrática.
- **Competencia para aprender a aprender:** as tarefas propostas fomentan a autonomía, a reflexión metacognitiva e a autorregulación da aprendizaxe. Mediante actividades como o diario de aprendizaxe, a coavaliación e a análise de vídeos propios, o alumnado toma conciencia do seu proceso, identifica fortalezas e áreas de mellora e desenvolve estratexias para avanzar.

5. Metodoloxía de aplicación

A aprendizaxe estrutúrase arredor de tarefas significativas que culminan nun produto final real e funcional, no que o alumnado aplica os contidos traballados de forma integrada e contextualizada.

Aprendizaxe cooperativa:

O alumnado traballa en equipos estables para construír propostas, deseñar exposicións e preparar argumentacións. A cooperación fomenta a corresponsabilidade, o reparto de roles, a toma de decisións consensuada e o desenvolvemento de habilidades sociais clave, como a escoita activa e o respecto ás opinións alleas.

Metodoloxía activa e experiencial:

A unidade promove unha aprendizaxe vivencial, baseada na participación activa do alumnado. A través da expresión oral, da interacción co grupo e da análise crítica do contorno, os estudantes aprenden facendo, falando e debatendo, converténdose nos verdadeiros protagonistas do seu proceso educativo.

Educación emocional e cidadá:

A través do debate e da reflexión compartida, trabállanse competencias persoais e sociais como a empatía, a asertividade e a xestión emocional. Poténciase unha cultura de aula baseada no respecto, na argumentación construtiva e no diálogo como ferramenta de convivencia democrática.

Integración de TICs:

As ferramentas dixitais forman parte esencial do proceso. Empregaranse plataformas e

aplicacións como Canva, Genially ou Padlet para a creación de presentacións visuais, glosarios e materiais de apoio. As TIC contribúen a enriquecer a comunicación, mellorar a organización da información e desenvolver a competencia dixital do alumnado.

6. Tipos de actividades

- **Visionado e análise de vídeos:** cidades sostibles, comunicación no espazo público.
- **Mapa mental colectivo e glosario:** vocabulario específico.
- **Análise de obras artísticas:** “Paisaxes que falan. Paisaxes que soñamos”.
- **Exposicións orais guiadas e improvisadas:** con gravación e autoavaliación.
- **Uso práctico de ferramentas dixitais:** Canva, Genially, PowerPoint.
- **Lectura e análise de textos argumentativos.**
- **Xogos de rol e debates improvisados.**
- **Preparación e realización do debate final (produto).**

7. Estratexias de atención á diversidade e á convivencia

A unidade está deseñada para atender á diversidade do alumnado e promover un clima de convivencia positivo e inclusivo a través das seguintes estratexias:

Agrupamentos flexibles:

Organízanse grupos de traballo segundo o nivel competencial, os estilos de aprendizaxe ou as necesidades concretas do alumnado en cada tarefa. Isto permite favorecer a colaboración entre iguais, o apoio mutuo e o desenvolvemento das potencialidades individuais dentro do grupo.

Tarefas diferenciadas:

Ofértanse opcións variadas na realización das actividades, permitindo que cada estudante poida escoller a forma de participación que mellor se adapte aos seus intereses, capacidades ou ritmo de aprendizaxe. Isto fomenta a motivación e o compromiso coa tarefa.

Coavaliación e traballo cooperativo:

O enfoque cooperativo reforza o sentimento de pertenza e responsabilidade compartida. A coavaliación entre iguais contribúe a desenvolver habilidades sociais, a valorar a diversidade de achegas e a construír unha comunidade de aprendizaxe baseada na confianza e no respecto mutuo.

Diálogo e normas compartidas nos debates:

O desenvolvemento do club de debate constitúe un espazo privilexiado para practicar a convivencia democrática. A través do diálogo argumentado e do respecto polas regras comúns, foméntanse a escoita activa, a empatía, a tolerancia e o pensamento crítico.

8. Instrumentos de avaliación

Rúbricas específicas para a exposición oral e o debate (avaliación do contido, da forma e da actitude).

Observación directa do traballo en grupo, interacción oral e uso do vocabulario específico.

Gravacións audiovisuais das exposicións e debates como ferramenta de reflexión.

Autoavaliación e coavaliación mediante checklist nas exposicións orais.